



**Sala de comunicación**

Actualidade

Notas de prensa

→ Hemeroteca

→ Actualidade en imaxes

→ Actualidade en vídeos

→ Actualidade en sons

› Videoteca

› Plans e actuacións

› Consellos de Goberno

› Conferencias e discursos do presidente

## A Xunta sitúa o fito acadado por Innopharma como a demostración de que a colaboración público-privada é clave para a competitividade de Galicia

- O equipo dirixido por Ángel Carracedo e Mabel Loza logrou aliarse coa farmacéutica GSK para desenvolver novos anticancerixenos dos que a propiedade intelectual quedará en Galicia
- O director da Axencia Galega de Innovación, Manuel Varela, destaca o valor das iniciativas da Consellería de Economía, Emprego e Industria para atraer capital privado á I+D+i galega coa perspectiva clara de obter retornos económicos para Galicia en forma de postos de traballo e riqueza
- Salienta que das 19 unidades mixtas apoiadas ata o de agora pola Xunta, tres están mobilizando máis de 7 millóns de euros no ámbito farmacolóxico e da saúde

Escoitar

« Volver



O director da Axencia Galega de Innovación, Manuel Varela, destaca o valor das iniciativas da Consellería de Economía, Emprego e Industria para atraer capital privado á I+D+i galega  
Autor: Xoán Crespo

**Santiago, 10 de marzo de 2016.-** O director da Axencia Galega de Innovación (GAIN), Manuel Varela, asegurou hoxe que o fito acadado pola plataforma Innopharma demostra que a colaboración público-privada é clave para incrementar a competitividade de Galicia a través do coñecemento e a innovación. “A transferencia de resultados galegos de investigación en colaboración con empresas líderes para mellorar a vida das persoas é un dos eixos das políticas de innovación da Xunta e este é un claro exemplo de que somos competitivos á hora de atraer a atención da industria a nivel internacional”, salientou Varela durante a inauguración do III Workshop Innopharma.

A integración en Innopharma das capacidades das Plataformas de Xenómica e de Cribado de Fármacos, dirixidas por Ángel Carracedo e Mabel Loza permitiu potenciar os seus resultados unindo a identificación de dianas terapéuticas e a formulación das moléculas idóneas para acadar os mellores resultados. Hai só uns días fíxose público que esta alianza permitiu que Innopharma sexa o primeiro equipo de investigación galego en participar no desenvolvemento

completo dun fármaco para os tumores resistentes aos tratamentos conxuntamente cunha multinacional da industria farmacéutica. A súa proposta foi unha das seis gañadoras en todo o mundo do programa Discovery Fast Track de GlaxoSmithKline (GSK), en competencia con 379 candidaturas de máis de vinte países.

“A nosa aposta por Innopharma remóntase aos seus inicios e non descansamos ata que obtivo financiamento do Fondo Tecnolóxico Europeo para chegar ata onde está agora, na vangarda do descubrimento temperán de fármacos a nivel mundial”, explicou o director de GAIN.

Varela lembrou o destacado lugar que ocupan a biotecnoloxía como tecnoloxía facilitadora e a vida saudable como reto na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3). Neste contexto, salientou que das 19 unidades mixtas creadas pola Xunta ata o momento tres están a mobilizar máis de 7 millóns de euros no sector farmacéutico e da saúde, das que unha delas foi promovida polo grupo de Mabel Loza para deseñar novos fármacos para o tratamento da dor crónica en colaboración coa empresa Esteve.

“Galicia é líder en gasto en innovación aberta no sector farmacéutico e a segunda comunidade española en número de proxectos de cooperación en investigación clínica traslacional. O esforzo dos investigadores galegos e as medidas específicas da Xunta para acompañalos ao mercado son os responsables deste posicionamento”, afirmou Varela.

Segundo o director de GAIN, o valor destas iniciativas non só radica no incremento da competitividade da I+D+i galega a nivel internacional, senón no crecemento que suporán os retornos económicos que supoñen. Neste sentido, destacou que Innopharma conservará a propiedade intelectual dos resultados que obteña na súa colaboración con GSK, ao igual que os programas de atracción de capital privado á innovación galega, como o polo tecnolóxico e industrial de avións non tripulados ou a Iniciativa Captación de Investimentos 4.0, garanten contrapartidas de creación de emprego e riqueza para Galicia.

Tema: I+D+i

Departamento: C. de Economía, Emprego e Industria

Compártao : 

Subir